

Regulamento de Réxime Interno da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con"

(Aprobado por Consello de Goberno do 12-V-2004)

**Catroagudín, Vilagarcía de Arousa
Pontevedra**

Regulamento de Réxime Interno da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con"

TÍTULO 1: NATUREZA E FUNCÍONS

ARTIGO 1.- NATUREZA

1. A Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" é un servizo científico que forma parte da Universidade de Santiago de Compostela e que se crea como un servizo específico de apoio a docencia e a investigación co fin de propiciar, fomentar e facilitar a investigación, a docencia e a divulgación de coñecemento en hidrobioloxía, e o asesoramento e difusión en temas relacionadas coa fauna e flora das augas epicontinentais.

2.- O seu funcionamento rexerase polo establecido na Lei Orgánica de Universidades e súas disposicións regulamentarias, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e seus decretos e normas de desenvolvemento, e polo presente regulamento.

3. O patrimonio que ten a Universidade de Santiago de Compostela na Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" está constituído por un edificio, con todo o seu equipamento interno e externo, coleccións científicas, de estudo e docentes e calquera outros obxectos de valor científico ou docente, procedentes de adquisicións realizadas pola Universidade de Santiago de Compostela.

ARTIGO 2.- FUNCÍONS

Son funcións da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con":

1.- O fomento e a promoción da Investigación Científica no ámbito da Hidrobioloxía de Galicia, facilitando aos investigadores tódalas súas instalacións e medios dispoñibles para o desenvolvemento de traballos científicos, proxectos de investigación, teses de doutoramento e reunións científicas, e estimular e favorecer estudos e investigacións sobre a fauna e flora de Galicia.

2.- A realización e coordinación de actividades docentes e formadoras para os alumnos nas súas instalacións: practicas, seminarios, conferencias, cursiños, cursos de doutoramento, cursos de especialización e mestrados, dentro do marco xeral dos programas de estudos da Universidade de Santiago de Compostela.

3.- O asesoramento e colaboración en materia de docencia e investigación con entidades públicas e privadas.

4.- O establecemento e coordinación de relacións de intercambio científico con outras Universidades e institucións científicas de España e doutros países.

TÍTULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 3.- A ESTACIÓN DE HIDROBIOLOXÍA "ENCORO DO CON" ESTARÁ REXIDA POR:

- 1.- A Xunta de Goberno.
- 2.- O director.
- 3.- O subdirector.
- 4.- O xefe da Estación.

ARTIGO 4.- A XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno estará formada por:

1.- O reitor da Universidade, ou persoa na quen delegue, que presidirá e convocará.

2.- O alcalde-presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, ou persoa na que delegue.

3.- O director da Estación.

4.- O subdirector.

5.- O xefe da Estación que actuará como secretario da Xunta de Goberno.

6.- Un representante das áreas de coñecemento máis directamente implicadas nas actividades da estación: Área de Zooloxía (Departamento de Bioloxía Animal), Área de Ecoloxía (Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía) e Área de Botánica (Departamento de Botánica).

7.- Os directores das outras estacións de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

8.- A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria alomenos unha vez ao ano, e en sesión extraordinaria por iniciativa do seu presidente, do director da Estación ou dun tercio dos seus membros.

ARTIGO 5.- FUNCÍONS DA XUNTA DE GOBERNO

1.- Elaborar as directrices que orienten a programación anual de actividades científicas, docentes e asesoramento a desenvolver pola Estación e velar pola súa realización.

2.- Propoñer o proxecto de orzamento da Estación

3.- Aprobar a Memoria anual de Actividades da Estación.

4.- Aprobar a Memoria Económica anual da Estación.

5.- Propoñer as modificacións do Regulamento de Réxime Interno da Estación.

6.- Aprobar o Regulamento de Uso da Estación e, de se-lo caso, as modificacións posteriores para a súa aprobación definitiva polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

7.- Asesorar e elevar propostas en tódolos asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter á súa consideración.

ARTIGO 6.- O DIRECTOR

1.- O director da Estación será un membro do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela, con coñecementos e formación en Hidrobioloxía, en activo e con dedicación a tempo completo.

2.- O director da Estación será nomeado polo reitor, oída a Xunta de Goberno, por períodos de catro anos.

ARTIGO 7.- FUNCÍONS DO DIRECTOR

Serán funcións do director da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con":

1.- Representar á Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" no ámbito da súa competencia.

2.- Dirixir científica, técnica e administrativamente a Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con".

3.- Elaborar e planificar a programación anual de actividades da Estación, de acordo coas directrices aprobadas pola Xunta de Goberno.

4.- Coordinar, xestionar e controla-las actividades desenvolvidas pola Estación.

5.- Informar das necesidades de persoal, instalacións e equipamento da Estación.

6.- Elabora-las Memorias anuais de Actividades e Económica da Estación.

7.- Elabora-lo proxecto de orzamento da Estación.

8.- Elaborar o Regulamento de Uso da Estación e velar polo seu cumprimento.

9.- O director, durante a súa ausencia da Estación, delegará a representación e aquelas funcións que considere necesarias no subdirector, no caso de estar nomeado, e no xefe da Estación.

ARTIGO 8.- O SUBDIRECTOR

1.- O subdirector da Estación será un membro será un membro do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela, con coñecementos e formación en Hidrobioloxía, en activo e con dedicación a tempo completo.

2.- O subdirector poderá ser facultativamente proposto polo director, sen que o cargo supoña remuneración, nin redución da dedicación docente.

3.- O subdirector da Estación será nomeado polo reitor a proposta do director.

ARTIGO 9.- FUNCÍONS DO SUBDIRECTOR

Serán funcións do subdirector da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" auxiliar ao director nas súas funcións e substituílo na súa ausencia.

TÍTULO III: DO PERSOAL

ARTIGO 10.- O XEFE DA ESTACIÓN

1.- O xefe da Estación deberá ser titulado superior en Bioloxía e ter coñecementos e formación en Hidrobioloxía, e auxiliará ao director e ao subdirector, no caso de estar nomeado, nas súas funcións e substituílos nas súas ausencias

2.- Por delegación do director, asumirá as funcións de xestión, coordinación e control das actividades docentes e investigadoras desenvolvidas pola Estación.

3.- Custodiará o equipamento científico, bibliográfico e material, a documentación e as coleccións de estudio e de referencia depositadas na Estación.

4.- Supervisará a labor do persoal de administración e servicios.

5.- Redactará as actas das sesións da Xunta de Goberno.

ARTIGO 11.- PERSOAL CIENTÍFICO

1.- O persoal científico da Estación estará integrado polos profesores e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela que desenvolvan parte do seu labor investigador ou docente nas instalacións da Estación, así como os investigadores en período de formación.

2.- Persoal investigador contratado especificamente para as actividades de investigación ou docentes desenvolvidas na Estación, no marco de proxectos, convenios e contratos de investigación

ARTIGO 12.- OUTRO PERSOAL

A Estación poderá contar con persoal técnico e de administración e servizos.

TÍTULO IV: DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 13.- ORZAMENTO

1.- A Estación terá o seu propio orzamento de ingresos e gastos, que será elaborado, aprobado e executado de acordo co establecido neste regulamento.

2.- O orzamento da Estación formará parte dos orzamentos xerais da Universidade e xestionarase de acordo coas normas xerais presupostarías que lle sexan aplicables.

ARTIGO 14.- RECURSOS ECONÓMICOS

1.- As cantidades que se adscriban á Estación nos orzamentos xerais da Universidade de Santiago de Compostela.

2.- As cantidades que se xeren en virtude de proxectos, convenios e contratos de investigación desenvolvidos nas instalacións da Estación.

3.- As cantidades que se xeren pola realización de mestrados, cursos de especialización e calquera outra actividade docente desenvolvida na Estación.

4.- Os fondos provenientes pola prestación de servizos, da elaboración de asesoramentos e dictames e da venda das súas publicacións e outros artigos comerciais.

5.- Os fondos provenientes da súa oferta de instalacións docentes e investigadoras a outras Universidades ou Centros públicos e privados de investigación nacionais ou estranxeiros.

6.- Os fondos provenientes de doazóns e subvencións cos que a Estación vexase favorecida, concedidas por entidades públicas ou privadas

7.- Calquera outro recurso económico que lle puidera corresponder.

ARTIGO 15.- A Estación, e os membros do seu persoal científico a través dela, poderán contratar con entidades públicas ou privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, técnico ou de asesoramento, así como o desenvolvemento de cursos de especialización, nas condicións establecidas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

ARTIGO 16.- Os bens inventariables que adquira ou reciba por doazón a Estación, ou os seus investigadores para o cumprimento dos contratos sinalados no apartado anterior, serán propiedade da Universidade de Santiago de Compostela e estarán adscritos totalmente ao cumprimento dos fins da Estación.

ARTIGO 17.- O reitor, en nome da Estación e a proposta da súa Xunta de Goberno, poderá subscribir convenios con entidades públicas ou privadas, tanto españolas como estranxeiras.

TÍTULO V: DO RÉXIME ACADÉMICO

ARTIGO 18.- A Estación poderá organizar, con cargo a seu orzamento ou con financiamento externo, calquera actividade científica ou docente no ámbito da Hidrobioloxía, sempre de acordo cos fins recollidos no presente Regulamento.

ARTIGO 19.- A Estación poderá tramita-la xestión de diplomas acreditativos dos estudos realizados na mesma, correspondendo o seu outorgamento ao reitor e a súa expedición á Universidade de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN FINAIS:

PRIMEIRA.- Corresponde ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela a facultade de interpretar o presente Regulamento e dictar as normas aclaratorias que sexan pertinentes.

SEGUNDA.- O presente Regulamento poderá ser modificado a iniciativa da Xunta de Goberno da Estación, mediante acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

TERCEIRA.- O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.